

FICHA PARA APRESENTAÇÃO DE UMA PERGUNTA COM
PEDIDO DE RESPOSTA ESCRITA (artigo 130.º)**Escolher apenas um destinatário:**

- PRESIDENTE DO CONSELHO EUROPEU CONSELHO
- VICE-PRESIDENTE / ALTA REPRESENTANTE COMISSÃO

Pergunta escrita prioritária

AUTOR(ES): Lúcia SENRA RODRÍGUEZ

ASSUNTO: Loita contra a Sensibilidade Química Múltiple (SQM)
(especificar)

TEXTO:

A Sensibilidade Química Múltiple (SQM) é unha enfermidade emerxente que nos últimos anos vense detectando que cada vez afecta a mais poboación. De feito, foi incluída oficialmente na Clasificación Internacional de Enfermidades do Estado español dende o 2014, e tamén outros países como Alemaña (no 2000), Austria (2001), Suíza (2010), Dinamarca (2012) ou Xapón (2009) téñena recoñecida nos seus respectivos sistemas.


Contestaba a Comisión no 2015, na súa resposta á pregunta E-004508/2015, que a UE non ten competencias para garantir que se inclúan protocolos de asistencia nos sistemas nacionais ou rexionais de saúde pública. Sen embargo, a CE si ten competencias para loitar contra as enfermidades emerxentes e garantir a saúde medioambiental europea.

Neste sentido, cal é a valoración que fai a Comisión sobre a SQM?

Valora o Centro Europeo para a Prevención e o Control das Enfermidades incluír esta enfermidade na súa lista, realizar estudos e levar a cabo programas para contribuír a mellorar a vida das persoas afectadas?

Considerando que as asociacións de afectadas levan tempo pedindo tamén que a OMS recoñeza oficialmente esta enfermidade, contempla a CE impulsar un cambio nesta dirección?

Assinatura(s):



Data:
27/03/2019